


III.- A ORGANIZACIÓN DOS TERRITORIOS DOMINADOS

Logo da conquista militar procedíase a organizar a administración e o control do territorio. Os occidentais crearon unhas formas de administración e de explotación económica que alteraron profundamente a vida nas rexións colonizadoras. Non todas as colonias tiñan as mesmas características.


▶ Algúns territorios eran destinados esencialmente á **explotación económica**, para extraer das súas terras materias primas (café, cacao, té, cobre, caucho, ouro, diamantes...). Podían manter gobernos locais, pero baixo control da metrópole -*protectorados*-, como o caso de Reino Unido en Exipto ou ser gobernadas por completo pola metrópole -*colonias*-, como o caso do Congo Belga.



▶ Outros territorios, polas súas características climáticas, polo tipo de terras ou pola menor densidade de ocupación indíxena, foron esencialmente **colonias de poboamento**, isto é, lugares aos que acudían habitantes das metrópoles a instalarse. Tiñan certo grao de autonomía e autogobernábanse. Denominábanse *dominios* no caso dos territorios británicos de Canadá, Australia, Nova Zelandia... e *territorios de ultramar* no caso das posesións francesas, como Alxeria.




▶ As **concesións** eran territorios que pertencían a un país independente, pero onde as potencias occidentais conseguían vantaxes comerciais, por exemplo, a explotación dalgún porto.



? **12.-** Fai un esquema dos diferentes **tipos de colonias**.

III.- A ORGANIZACIÓN DOS TERRITORIOS DOMINADOS

? 12.- Fai un esquema dos diferentes tipos de colonias.



MODELOS COLONIALES

en África

La mayor parte de las estructuras políticas previas eran tribales. Hubo poco colonos blancos

Colonias de explotación de las materias primas y la mano de obra indígena

El reparto se realiza a partir de un acuerdo previo entre las potencias: Conferencia de Berlín (1884-1885)

Principio de proyección interior

en Asia

El reparto fue muy complejo al existir estructuras políticas previas muy consolidadas (reinos, imperios)

Protectorados: se respetan los gobiernos indígenas pero pasan a depender de la metrópoli

China: mantuvo su gobierno pero el país se repartió en esferas de influencia económica entre las potencias

India: subsisten los poderes locales unidos bajo el gobierno de un virrey británico

en Oceanía

En Australia o Nueva Zelanda no existían estructuras políticas previas y hubo una gran presencia de colonos blancos


Dominios o colonias de poblamiento: reproducen las estructuras sociopolíticas de la metrópoli (Gran Bretaña)

IV.- O REPARTO DO MUNDO

A.- A COLONIZACIÓN DE ÁFRICA


Ata 1870 a presenza europea en África foi relativamente reducida. Case podería afirmarse que África non interesaba aos europeos, polo menos no que se refire a “unha ocupación sistemática dos territorios”. Os intereses principais encamiñábanse cara a un comercio baseado na existencia de enclaves costeiros.

Dende 1870 ata 1914 a situación experimentou sensibles modificacións, producíndose unha notabilísima expansión da presenza europea en África. Xurdiron, entón, problemas e enfrontamentos entre os países porque coincidían en moitas ocasións as súas zonas de influencia e os seus obxectivos. Isto procurou solucionarse por medio da celebración da Conferencia de Berlín (novembro 1884-febreiro 1885). Nesta Conferencia participaron representantes de doce países europeos, ademais dos Estados Unidos de Norteamérica e de Turquía e nela decidiuse practicamente o reparto de África entre as potencias europeas, así como os criterios xerais que deberían rexer o proceso de colonización africana.



? 13.- Entre que **anos** tivo lugar a **notable expansión** europea en África?

14.- Cando se celebrou a **Conferencia de Berlín**? Cal era o seu **obxectivo**?



As **principais resolucíons** tomadas na Conferencia foron:

- **Liberdade de navegación** para todos os Estados polos grandes **ríos Congo e Níxer**, que permitían a penetración no interior do continente.
- O **territorio do Congo** (zona moi disputada) asignouse a título persoal ao rei dos belgas, Leopoldo II, coa condición de que **debería permanecer aberto ao comercio internacional**, de forma que se convertía en “Estado libre” dende o punto de vista comercial.
- Como criterio para colonizar un territorio a Conferencia determinou que unicamente **se podería considerar dominado un territorio se existía unha ocupación efectiva** (presenza militar e representación do goberno do país colonizador). Este criterio trouxo como consecuencia unha desenfreada carreira das potencias imperialistas para ocupar territorios.
- A Conferencia recoñeceu **o dereito de países chegados tardiamente ao proceso colonizador** (Alemaña, Italia) **a participar no reparto de África**.
- Finalmente **deixábase aos países implicados en enfrontamentos por cuestións de tipo territorial que eles mesmos se encargaran de resolver os seus problemas** (enfrentamento franco-británico pola posesión do Sudán, por exemplo).




Negociadores franceses e alemáns delimitando as novas fronteiras entre o Congo e Camerún.



15.- Explica os principais **acordos** tomados na Conferencia de Berlín.

IV.- O REPARTO DO MUNDO

A.- A COLONIZACIÓN DE ÁFRICA



- ? 13.- Entre que **anos** se produciu a **notable expansión** europea en África?
- o 14.- Cando se celebrou a **conferencia de Berlín**? Cal era o seu **obxectivo**?
- 15.- Explica os principais **acordos** tomados na Conferencia de Berlín.

*O progresivo avance da colonización europea de África desde 1870 orixinou un crecente choque de intereses, especialmente pola ocupación do Congo. Para evitar os enfrontamentos, os interesados reuníronse na **Conferencia de Berlín**, convocados por Bismark, o chanceler alemán. As reunións se estenderon entre 1884 e 1885 e asistiron representantes de Alemaña, Austria-Hungría, Bélxica, Dinamarca, España, Estados Unidos, Francia, Italia, Noruega, Países Baixos, Portugal, Reino Unido, Suecia, e Turquía.*

*Na Conferencia establecéronse as **normas de ocupación do continente e as zonas que ocuparía cada potencia**. A posesión dunha franxa costeira daba dereito a ocupar o interior, sempre que se demostrase o control efectivo do territorio. Tamén se recoñeceu a libre navegación polos ríos Níxer e Congo, o recoñecemento do Congo como dominio persoal do rei Leopoldo II de Bélxica, coa obriga de manter o libre comercio na zona e a abolición do tráfico de escravos.*






16.- Que **países europeos** tiñan territorios en África? Cales tiñan **máis posesións**?


17.- Que Estados africanos se mantiveron **independentes**?

EL IMPERIALISMO




ÁFRICA EN 1885

ÁFRICA EN 1914



- ? 16.- Que **países europeos** tiñan territorios en África? Cales tiñan **máis posesións**?
- o 17.- Que Estados africanos se mantiveron **independentes**?

*Antes de 1885, África era aínda a gran descoñecida e a presenza europea se limitaba a unha franxa nas zonas costeiras. Nun prazo de menos de trinta anos, os europeos pasaron a controlar e dominar case todo o continente. **Reino Unido** intentou formar unha franxa colonial continua entre O Cairo, ao norte, e Cidade do Cabo, ao Sur. **Francia** intentou crear un cinto de colonias desde o Atlántico ata o Mar Vermello, pero chocou cos intereses británicos en Sudán. E **outros países**, como Bélxica, Alemaña, Portugal, Italia e España, completaron o reparto do continente. **Só dúas zonas**, que supoñían o 10% do continente, **quedaron libres**: Liberia, fundada por colonos estadounidenses negros retornados á “terra prometida” como homes libres; e Etiopía, entón chamada Abisinia, que conseguiu frear a ambición expansionista italiana.*



Caricatura titulada "The Sleeping Sickness. Cutting a continent out from under him.", ilustración publicada en Puck, v. 70, no. 1808 (el 25 de octubre de 1911),

B.- A EXPANSIÓN EN ASIA

A diferenza do ocorrido no continente africano, Asia xa se convertiu en zona de expansión para os europeos desde o século XVI, pero ao longo do s. XIX intensificaron a súa presenza no continente asiático, así como nas illas do Pacífico. Na primeira metade do século XIX Rusia comezou a súa expansión a través de Siberia e nalgúns territorios, como na India, a presenza británica xa era moi importante. De todas maneiras, a colonización de Asia xeneralizouse no último cuarto do século XIX, xurdindo tensións a partir desta época entre os países colonizadores. No reparto territorial de Asia estiveron presentes menos países europeos, pero en cambio participaron potencias non europeas, como Estados Unidos e Xapón.

É preciso destacar que se mantiveron independentes máis territorios que en África. En Asia existían Estados ben organizados, como China e Persia, polo que **predominou o sistema de concesións e a repartición de áreas de influencia, separadas** por razóns estratéxicas **por territorios independentes** que actuaban como *Estados-tapón*.

? 18.- Cando se **xeneralizou** a colonización de Asia?

o 19.- Que **diferenzas** existen entre a colonización de África e a de Asia?

20.- Definición de: *Estado-Tapón*





21.- Que **países europeos** tiñan territorios en Asia? Cales tiñan **máis posesións**?

22.- Que Estados asiáticos se mantiveron **independentes**? Cales funcionaron como **Estados-tapón**?




B.- A EXPANSIÓN EN ASIA

- ? 18.- Cando se **xeneralizou** a colonización de Asia?
- o 19.- Que **diferenzas** existen entre a colonización de África e a de Asia?
- 20.- Definición de: **Estado-Tapón**.
- 21.- Que **países europeos** tiñan territorios en Asia? Cales tiñan **máis posesións**?
- 22.- Que Estados asiáticos se mantiveron **independentes**? Cales funcionaron como **Estados-tapón**?


*A presenza colonial europea en Asia antes de mediados do s.XIX era reducida e limitada a enclaves coloniais costeiros. Na área do Pacífico, esa presenza era aínda menor. A gran **diferenza** co caso africano é que o fenómeno imperialista en Asia non foi obra exclusiva das potencias europeas, senón que contou tamén con outros dous protagonistas principais: Estados Unidos e Xapón.*

***Reino Unido** tivo na India a súa principal colonia, estendeu o seu poder cara ao leste, en Birmania, Malasia, Sigapur e enclaves na costa china. No sueste asiático chocou cos intereses de **Francia**, asentada na Península de Indochina, o Estado independente de Siam actuou de Estado-tapón para evitar conflitos. Cara ao oeste os británicos rivalizaron con Rusia, sendo neste caso Afaganistán o Estado-Tapón. Os **Países Baixos** dominaron as illas da actual Indonesia. **Alemaña** ocupou Nova Guinea Oriental e algúns arquipélagos do Pacífico. **Rusia**, incorporou Siberia e estendeuse cara á India e China. **Xapón** anexionou Corea e a illa de Formosa, chocando con China e Rusia. **Estados Unidos**, tras derrotar a España en 1898, ocupou as illas Filipinas.*



O **Imperio chin** estaba gobernado desde o s. XVII pola dinastía Qing, que mantiña un firme control sobre o acceso de estranxeiros (só o porto de Cantón estaba aberto ao comercio). As potencias colonialistas querían estar presentes nun mercado tan importante pola súa numerosa poboación. A través das **Guerras do Opio**, entre a China e o Imperio británico, forzaron a apertura do comercio e a entrada de intereses occidentais na explotación das súas riquezas. Desde 1884 China dividiuse en cinco zonas de influencia entre as potencias imperilistas.

A caricatura, publicada en 1885, mostra a repartición do territorio chinés entre as potencias imperialistas de Reino Unido, Alemaña, Rusia, Francia e Xapón. Detrás está China, que non pode impedir a repartición do seu territorio.



A intromisión estranxeira foi contestada con diversas revoltas sociais, como a **Revolta dos bóxeres** (1899-1901), chamados así por practicar unhas artes marciais similares ao boxeo. Dito conflito rematou cunha nova derrota chinesa ante unha operación militar conxunta das potencias estranxeiras.